

Relación de documentos que achegan coa solicitude que deberá estar debidamente compulsada (disposición 6, parágrafo 3º):

- Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade e data de nacemento do interesado, así como, de ser o caso, as circunstancias do dereito a que se refire a alínea a) da base segunda
- Fotocopia do contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo ou indefinido
- Fotocopia da resolución que recoñeza a situación de promoción interna temporal
- Fotocopia do título exigible para o desempeño da categoría de pertenza
- Fotocopia do título exigible para o desempeño de distinta categoría á de pertenza
- Certificado de servizos prestados ou documento que acredite a antigüidade da persoa interesada e anexo II, do Real decreto 1181/1989
- Fotocopia da resolución pola que se estime a suspensión do contrato de traballo e se determine a súa causa, de ser o caso
- No caso do persoal que exerza funcións ou desempeñe postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade achegárase copia da designación realizada pola xerencia
- Informe sobre funcións realizadas no desempeño do posto de traballo
- Outra documentación

*Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.*

A Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e réxime administrativo engadiu á Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, unha disposición adicional cuarta a cuxo teor se autorizaba o Consello da Xunta a adoptar as medidas tendentes á progresiva integración no réxime estatutario do persoal das fundacións públicas sanitarias, constituídas pola comunidade autónoma e das sociedades públicas autonómicas do sector sanitario. Tal disposición ten por finalidade acadar a identidade de condicións de traballo dos profesionais do sistema sanitario público de Galicia, sen prexuízo do carácter da institución en que prestan os seus servizos, en tanto que integrada na rede asistencial da Consellería de Sanidade.

Logo da negociación no seo da Mesa Sectorial, o Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade, estableceu as bases ás cales se suxeitarían os procedementos de integración voluntaria do persoal fixo das entidades afectas polo ámbito de aplicación e estableceu os efectos da citada integración. Tal decreto non é senón trasunto do principio de homologación das condicións de traballo recollido na disposición adicional 5ª da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde e da mentada disposición adicional cuarta da Lei 7/2003, do 9 de decembro, a prol da eficiencia do sistema sanitario público.

O artigo 3º do Decreto 91/2007, do 26 de abril, determina que os procesos de integración se articularán por orde da Consellería de Sanidade, na cal se recollerán as previsións necesarias para a súa adecuación ás bases do réxime estatutario en termos de homoxeneidade co citado réxime.

No marco destes antecedentes, esta orde regula a convocatoria do procedemento de integración no réxime estatutario para o persoal laboral da *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia*, inspirado nos principios de voluntariedade para o persoal fixo, homologación e homoxeneidade das condicións coas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e universalidade.

Esta orde foi obxecto de negociación co Comité de Empresa da *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia*, e posterior tratamento no seo da Mesa Sectorial.

Por todo iso, en virtude das competencias conferidas pola Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei de Galicia 11/1988, do 20 de outubro, e polo Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-O persoal laboral da *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia* poderá integrarse no réxime estatutario do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde recollido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e demais normas de concor-

dante aplicación no ámbito do Servizo Galego de Saúde, nos termos establecidos nesta orde, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

a) Ter vínculo laboral fixo coa institución, suxeito ao convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia, xestionado por fundacións públicas sanitarias e empresas públicas, de conformidade co artigo 2.1º do Decreto 91/2007, do 26 de abril.

b) Estar en posesión da titulación exixida pola normativa estatutaria para o acceso á categoría básica de homologación.

c) Estar en situación de activo que non implique a suspensión do contrato de traballo ou en situación de suspensión do contrato de traballo por algunha das causas establecidas pola lexislación vixente ou polo convenio colectivo de aplicación, sempre que o interesado mantivese o dereito a solicitar o reingreso ou reincorporación á institución e non tivese transcorrido o tempo máximo da citada suspensión previsto en cada caso.

As solicitudes de integración do persoal que non cumprise os ditos requisitos serán desestimadas.

Artigo 2º.-Non poderá exercer o dereito de opción á integración a que se refire esta orde:

a) O persoal vinculado mediante contrato de alta dirección.

b) O persoal excluído do ámbito de aplicación do convenio colectivo para o persoal laboral do Centro de Transfusión de Galicia.

c) O persoal laboral temporal que estará suxeito ao establecido na disposición adicional segunda desta orde.

Artigo 3º. O persoal cuxa opción fose estimada, consonte o establecido nesta orde e no Decreto 91/2007, do 26 de abril, quedará suxeito ao réxime xurídico e retributivo estatutario aplicable o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das peculiaridades derivadas do funcionamento da institución de destino.

O persoal integrado dependerá organizativa e funcionalmente da institución de destino, de conformidade co establecido no Decreto 91/2007, en función do vínculo orixinario coa dita institución e da causa que o motivou.

A integración producirá a novación da relación de servizos do persoal coa institución e a súa suxeición ao réxime estatutario, sen que en ningún caso orixine dereito a indemnización.

Artigo 4º.-A resolución pola que se declare a integración determinará a categoría básica estatutaria en que se produce esta, segundo a táboa de homologación prevista no Decreto 91/2007, do 26 de abril, atendendo á categoría de pertenza como persoal laboral fixo da institución segundo se deduza do contrato de traballo, o nivel de titulación exixido no proceso selectivo en virtude do cal se accedeu á condición de

persoal fixo ou indefinido e/ou as funcións correspondentes; todo iso sen prexuízo do previsto no parágrafo 5º do artigo 6 do Decreto 91/2007, do 26 de abril, en relación coas situacións de promoción interna temporal.

De conformidade co establecido no parágrafo terceiro do artigo 6 do Decreto 91/2007, do 26 de abril, para os efectos da integración nas categorías do réxime estatutario só terá virtualidade a categoría a que o persoal acredite pertencer con carácter de fixeza, en virtude de proceso selectivo realizado consonte a normativa vixente no momento da súa adquisición.

Coa resolución de integración a Xerencia expedirá o nomeamento estatutario en que se detallará a categoría e o destino dos profesionais, co carácter de definitivo ou provisional, segundo corresponda.

No caso de que o persoal integrado estivese desempeñando postos de traballo que supoñan exercicio de funcións de dirección, xefatura, coordinación ou singular responsabilidade, a Xerencia expedirá un nomeamento estatutario adicional de carácter provisorio, consonte o establecido no anexo I desta orde, cuxo réxime quedará suxeito ao establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, e na Orde do 24 de xullo de 2006 para os postos de similares características no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

Naqueles supostos en que o persoal que optase pola integración estivese desempeñando con carácter provisional postos de superior categoría ou dunha categoría cuxa posesión non acredítase consonte os criterios establecidos no parágrafo 5º do artigo 6 do Decreto 91/2007, a Xerencia expedirá resolución adicional en que se declare en situación de promoción interna temporal na categoría estatutaria de promoción con referencia da causa que deu lugar á dita promoción.

A resolución de integración do persoal laboral fixo que non estivese prestando servizos na institución a que o liga tal vínculo de fixeza, pero que teña o dereito de retorno ou reingreso á dita institución, determinará o pase á situación administrativa que corresponda de conformidade co previsto na Lei 55/2003, do 16 de decembro, en función da causa que orixinou a suspensión do contrato de traballo, sen prexuízo do disposto na disposición adicional 4ª.

Sen prexuízo do disposto no artigo 7.4º do Decreto 91/2007, do 26 de abril, a integración do persoal suporá o recoñecemento expreso da antigüidade para os efectos do seu devengo como persoal estatutario, desde a data da súa integración.

Artigo 5º.-O persoal que non quede integrado no réxime estatutario manterá o réxime xurídico e retributivo que derive do seu contrato de traballo e o convenio colectivo de aplicación, no momento da entrada en vigor desta orde.

Artigo 6º.-As solicitudes de integración presentaranse no prazo de tres meses contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Ofi-*

*cial de Galicia*, segundo o modelo de instancia que se xunta no anexo III.

As solicitudes dirixiranse ao director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde e poderán ser presentadas en calquera das formas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes deberán ser debidamente dilixenciadas pola dirección dos centros e xunto con elas achegarase a seguinte documentación, debidamente cotexada:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia do contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo ou indefinido.
- c) Copia do título exixible para o desempeño da categoría.
- d) Certificado de servizos prestados ou documentación que acredite a antigüidade da persoa interesada e anexo II, do Real decreto 1181/1989, do 29 de setembro.
- e) Copia da resolución pola que se estime a suspensión do contrato de traballo e se determine a súa causa, de ser o caso.
- f) No caso do persoal que exerza funcións ou desempeñe postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade achegarase copia da designación realizada pola Xerencia.
- g) Informe sobre funcións e o destino na institución.

Examinadas as solicitudes, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional poderá solicitar documentación complementaria ao interesado ou á dirección do centro que se entenda relevante para dilucidar as circunstancias laborais do alcance da integración.

O persoal que non formule a solicitude de integración nos termos previstos nesta orde entenderase que opta por permanecer na situación prevista no artigo 9 do Decreto 91/2007, do 26 de abril.

Artigo 7º.-As solicitudes de integración serán resoltas no prazo dos tres meses seguintes ao remate do prazo para a súa presentación.

A resolución pronunciarase sobre a estimación, desestimación ou non-admisión das solicitudes. As resolucións polas que se desestime ou non se admita unha solicitude serán debidamente motivadas.

As resolucións estimatorias conterán pronunciamiento sobre a categoría básica en que se integran as persoas interesadas, o carácter do destino, a situación administrativa que corresponda declarar, segundo o caso, e a súa adscripción ao posto de traballo de conformidade co disposto nesta orde e o seu anexo I.

As resolucións polas que se resolvan as solicitudes de integración no réxime estatutario terán efectos do 1 de xullo de 2007.

Artigo 8º.-O persoal facultativo poderá exercer a opción polo réxime de dedicación normal ou exclusiva, coa conseguinte solicitude ou renuncia á percepción do complemento específico, segundo o caso, de conformidade co previsto no Decreto 11/1995, do 20 de xaneiro, polo que se regula o réxime de percepción do complemento específico para o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e se establecen os prazos para formular solicitudes e renuncias.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-Os postos de traballo do persoal que quede integrado consideraranse amortizados e reconvertidos en postos de réxime estatutario, consonte a táboa de homologacións prevista no anexo I desta orde.

No momento en que se produza vacante nun posto cuxa titularidade corresponda a persoal laboral que non se integre e non teña dereito de reserva sobre esta, producirase a súa amortización.

Segunda.-Agás o establecido na disposición transitoria, os postos de traballo desempeñados por persoal laboral temporal amortizaranse e o persoal cesará por tal motivo con efectos da data da amortización.

Sempre que sexa necesario o seu mantemento, transformaranse, sen solución de continuidade, en postos do réxime estatutario da respectiva categoría, segundo as táboas de homologación do anexo I e o persoal, que anteriormente os viña desempeñando e reunise os requisitos de titulación, vincularase mediante nomeamento estatutario de equivalente causa a aquela que constase no contrato de traballo inicial e co mesmo carácter temporal, con efectos do día seguinte ao do cesamento.

O persoal laboral temporal que non dispoña da titulación exixible para o desempeño da praza da categoría estatutaria de correspondencia non poderá ser obxecto de integración no réxime estatutario. Os postos de traballo desempeñados polo citado persoal serán obxecto de cobertura definitiva por persoal fixo laboral ou estatutario, segundo a opción do titular e/ou a convocatoria que se realizase para a súa cobertura definitiva. A incorporación do persoal fixo ocasionará o seu cesamento.

O persoal temporal que estivese a desempeñar un posto de traballo en condición de substituto de persoal laboral fixo manterá a súa vinculación con tal causa até a reincorporación do titular ou a extinción do dereito de reserva do dito posto. A vinculación do citado persoal manterase no réxime laboral ou pasará a réxime estatutario en función do réxime do posto desempeñado e, xa que logo, do exercicio do dereito de opción polo seu titular. Producida a extinción do dereito de reserva do traballador substituído que non optase por integrarse, o persoal substituto cesará na súa prestación de servizos e a praza amortizarase

podendo transformarse en praza de réxime estatutario, de ser o caso. A cobertura da citada praza realizarase polo procedemento regulamentariamente establecido para as vinculacións temporais de réxime estatutario.

Terceira. Sen prexuízo do establecido no artigo 2 desta orde, o persoal laboral fixo que no momento en que se publique esta orde reúna os requisitos para a homologación da súa titulación profesional, de conformidade coa normativa de ordenación das titulacións oficiais e das profesións, poderá exercer a súa opción de integración quedando a súa resolución en suspenso até que se acredite a citada homologación, mediante resolución oficial ditada por órgano competente.

Acreditada a homologación profesional polo interesado, producirase a integración na categoría estatutaria que corresponda, con efectos da data da acreditación.

O prazo para que o traballador achegue a resolución de homologación profesional non poderá exceder un mes desde a súa notificación. De non presentar a acreditación neste prazo entenderase caducada a súa solicitude e a dita acreditación carecerá de efectos co fin de estimar a súa opción de integración.

Cuarta.-Como consecuencia da resolución de integración:

a) Ningún profesional poderá ter simultaneamente a condición de persoal estatutario fixo e temporal nunha mesma categoría.

b) Ningún profesional poderá simultaneamente acreditar a condición de persoal estatutario en activo e en situación distinta á de activo nunha mesma categoría.

c) Ningún profesional poderá simultaneamente ter dereito de reingreso en máis dunha institución do ámbito institucional definido no Decreto 91/2007, do 26 de abril, ou das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

Xa que logo, tidas en conta as circunstancias da mobilidade dos profesionais entre as institucións sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, as cuestións que se susciten derivadas da concorrencia dunha pluralidade de vínculos nunha mesma categoría coas institucións do ámbito de aplicación do Decreto 91/2007, do 26 de abril, ou coas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por mor da tramitación das solicitudes de integración do persoal, resolveranse consonte os criterios seguintes:

a) Persoal fixo con praza en propiedade, nunha mesma categoría ou categoría equiparable para os efectos da integración, en dúas ou máis institucións do ámbito referido no parágrafo anterior:

I. O persoal que tivese dereito de reserva de praza nunha institución e estivese en activo nunha praza en propiedade doutra institución deberá optar por rein-

corporarse á anterior ou permanecer na actual, perdendo calquera dereito sobre aquela pola que non optase.

II. Se tendo un dereito de reingreso, o persoal que opte pola integración estivese en activo noutra institución e acredítase a propiedade sobre a praza desta última, entenderase vinculado definitivamente a esta, perdendo aquel dereito de reingreso, agás que, cumprindo cos requisitos exixidos para o reingreso, xunto coa solicitude de integración instase este e a Xerencia resolvese favorablemente con anterioridade á finalización do prazo para a resolución da integración. Neste suposto a toma de posesión en virtude do reingreso suporá a perda do destino no posto de traballo que viñese desempeñando con anterioridade.

a) Persoal fixo nunha institución do referido ámbito que estivese a desempeñar servizos de carácter temporal noutra institución na mesma categoría ou categoría equiparable:

I. O persoal que tivese dereito de reserva de praza nunha institución e estivese en activo como persoal temporal noutra institución integrarase no réxime estatutario na categoría que corresponda, permanecendo na institución do seu actual destino en comisión de servizos, logo do informe favorable da dirección da institución en que teña reservada a súa praza. De non autorizarse esta o persoal deberá reincorporarse á súa praza en propiedade ou renunciar á estatutización. De non realizar ningunha das dúas opcións entenderase que renuncia ao dereito á estatutización.

II. O persoal que tendo un dereito de reingreso nunha institución estivese prestando servizos como persoal temporal noutra institución na mesma categoría, sempre e cando reúna os requisitos para solicitar o reingreso, será declarado en situación de reingreso provisorio xunto coa resolución de integración, coas consecuencias inherentes á dita condición.

Quinta.-A institución obxecto do ámbito de aplicación desta orde suxeitarase ás normas xerais de coordinación que se diten en materia de xestión de persoal e ordenación dos cadros de persoal que se consideren necesarias para o establecemento de criterios homoxéneos de actuación en materia de persoal.

Sexta.-Habilitase o director da *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia* para a realización de todos os actos de xestión ordinaria do persoal estatutario que traballe na institución.

Sétima.

1. Créanse os postos de traballo nas seguintes categorías:

-Na categoría médico/a xeral, o posto médico/a xeral do CTG.

-Na categoría ATS/DUE, o posto ATS/DUE de unidade do CTG.

-Na categoría administrativo/a, o posto promotor/a da doazón.

2. En cumprimento do establecido na disposición adicional sétima do Decreto 91/2007, do 26 de abril, o persoal que se integre nos postos de traballo da categoría de persoal estatutario médico/a xeral do CTG será retribuído consonte a estrutura retributiva recollida para os citados postos no anexo II desta orde.

O persoal da dita categoría percibirá un complemento de produtividade variable en atención ao grao de cumprimento dos obxectivos determinados pola dirección. Para os efectos do seu aboamento neste exercicio e sucesivos, tras a integración, da masa salarial autorizada para o ano 2007 para a remuneración do complemento de produtividade variable do persoal da categoría laboral médico/a xeral do CTG, destinarase unha contía estritamente proporcional ao número de profesionais pertencentes a mesma que resulten integrados na categoría estatutaria médico/a xeral do CTG.

3. O persoal que se integre na categoría de persoal estatutario administrativo/a que desempeñe os postos de traballo de promotor/a da doazón a que se refire o parágrafo primeiro desta disposición será retribuído consonte a estrutura retributiva recollida para os mesmos no anexo II desta orde.

Oitava.-Aos profesionais que, consonte o establecido no Decreto 91/2007, do 26 de abril, se integren na categoría estatutaria médico/a xeral do CTG e que, consonte a normativa vixente, acrediten estar en posesión do título de médico/a especialista ou certificado habilitante para o desenvolvemento das funcións médico/a especialista, xunto co nomeamento como persoal estatutario da dita categoría expediráselles dilixencia expresiva da citada condición persoal.

Novena.-Desta orde darase conta ao Padroado da *Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia*.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-Até tanto non recaia resolución xudicial firme que confirme a validez ou declare a nulidade do proceso selectivo, convocado por resolución da dirección do Centro de Transfusión de Galicia do 6 de xuño de 2005 (DOG do 10 de xuño de 2005), obxecto de actual controversia perante os órganos da xurisdición ordinaria, os postos de traballo ofertados non serán obxecto da transformación a que se refire esta orde.

Segunda.-Se a resolución do Tribunal Superior de Xustiza declarase conforme a dereito a resolución recorrida, impulsárase o remate do proceso de conformidade coas bases da citada convocatoria.

Se a resolución do Tribunal Superior de Xustiza confirmase os pronunciamentos da sentenza de instancia, procederá a retrotraer as actuacións ao intre determinado pola mesma e desenvolverase o proceso selectivo de persoal do Centro de Transfusión de Galicia para a cobertura dos postos de traballo a que se refire o parágrafo primeiro desta disposición, debendo adecuarse as bases da convocatoria aos citados pronunciamentos.

Terceira.-Os aspirantes que superasen o proceso selectivo poderán exercer a súa opción de integración no prazo para a toma de posesión do posto adxudicado, con plenos efectos da data na que se dite a resolución pola que se estime a opción realizada polo profesional.

O exercicio da opción polo interesado comportará a transformación do posto de traballo en praza do réxime estatutario.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2007.

M<sup>a</sup> José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

#### *ANEXO I*

Posto de traballo que se integra	Posto de traballo ao cal se homologa
Responsable promoción	Xefe/a de servizo- Persoal técnico superior (N-A-01)
Médico/a especialista	Facultativo/a especialista de área (SF-A-14, SF-A-15)
Técnico/a superior en bioloxía molecular	Facultativo/a especialista de área (SF-A-14, SF-A-15)
Técnico/a superior	Persoal técnico superior (N-A-03)
Médico/a xeral	Médico/a xeral CTG
Técnico/a superior de xestión	Grupo técnico da función administrativa (N-A-05)
Responsable de comunicación Farmacéutica	Persoal técnico superior (N-A-03) Farmacéutica (SF-A-89)
ATS	ATS/DUE de unidade do CTG
Técnico/a especialista de laboratorio	Técnico/a especialista (S-C-01)
Técnico/a especialista de anatomía patolóxica	Técnico/a especialista (S-C-01)
Técnico/a especialista rama química	Técnico/a especialista non sanitario/a (N-C-11)
Axudante de laboratorio	Técnico/a especialista (S-C-01) Administrativo/a (N-C-05)
Promotor/a da doazón	Técnico/a especialista non sanitario/a (N-C-11)
Xefe/a de sección	Promotor/a da doazón (administrativo/a)
Xefe/a de administración	Xefe/a sección administrativo/a (N-C-01)
Técnico/a de informática	Grupo administrativo (N-C-05)
Secretaria/o de dirección	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información (N-C-12)
Administrativo/a	Xefe/a de grupo administrativo (N-C-02)
Técnico/a de mantemento	Administrativo/a (N-C-05)
Auxiliar de clínica	Xefe/a de taller (N-C-10)
Auxiliar de laboratorio	Auxiliar de enfermaría servizos centrais (S-D-04)
Auxiliar administrativo/a	Auxiliar de enfermaría servizos centrais (S-D-04)
Telefonista/recepcionista	Auxiliar administrativo/a (N-D-08 )
Condutor/a-celador/a	Auxiliar administrativo/a de equipo mecanizado (N-D-09)
	Telefonista (N-D-27)
	Condutor/a de vehículos especiais (N-D-36)

#### *ANEXO II*

Postos de traballo	Grupo	Nivel	Soldo base	Destino	Específico	Produtividade
Médico/a xeral do CTG	A	24	1.112,85	504,00	699,86	273,69
ATS/DUE de unidade do CTG	B	21	944,44	409,25	272,18	134,67
Promotor/a da doazón	C	19	704,02	360,75	330,31	130,33

*ANEXO II*

SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN DO PERSOAL DA *FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA* NO RÉXIME ESTATUTARIO

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome:	NIF:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:

DATOS PROFESIONAIS

Categoría profesional a que pertence: Data de publicación do proceso selectivo:..... Resolución do ... de ..... de ... (DOG núm. ... do ... de ..... de ....)	Posto de traballo que desempeña na actualidade na fundación: Código de posto (segundo anexo I): Categoría do posto de traballo: ..... Desde ..... até .....
En situación de: Activo <input type="checkbox"/> Excedencia <input type="checkbox"/> Tipo de excedencia ..... Data da resolución ..... Outras situacións de suspensión do contrato de traballo <input type="checkbox"/> ..... Data da resolución .....	
Titulación académica que acredita para o desempeño da categoría de pertenza: Titulación académica que acredita para o desempeño da categoría do posto de traballo actual:	

O/a solicitante abaixo asinante manifesta que son certos os datos que se fan constar nesta solicitude de integración no réxime estatutario na

CATEGORÍA DE .....

....., .... de ..... de .....

Sinatura:

Selo
------

DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

DILIXENCIA: para facer constar que son certos os datos que o solicitante expón nesta solicitude.

Data

Sinatura do/da director/a da fundación

Relación de documentos que achegan coa solicitude que deberá estar debidamente compulsada (disposición 6, parágrafo 3º):

- Fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte ou documento que acredite a identidade, nacionalidade e data de nacemento do interesado, así como, de ser o caso, as circunstancias do dereito a que se refire a alínea a) da base segunda
- Fotocopia do contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo ou indefinido
- Fotocopia da resolución que recoñeza a situación de promoción interna temporal
- Fotocopia do título exigible para o desempeño da categoría de pertenza
- Fotocopia do título exigible para o desempeño de distinta categoría á de pertenza
- Certificado de servizos prestados ou documento que acredite a antigüidade da persoa interesada e anexo II, do Real decreto 1181/1989
- Fotocopia da resolución pola que se estime a suspensión do contrato de traballo e se determine a súa causa, de ser o caso
- No caso do persoal que exerza funcións ou desempeñe postos de xefatura, coordinación ou especial responsabilidade achegárase copia da designación realizada pola xerencia
- Informe sobre funcións realizadas no desempeño do posto de traballo
- Outra documentación

## CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 1 de outubro de 2007 pola que se convoca a décimo oitava edición do curso superior de relacións laborais.*

O Consello Galego de Relacións Laborais, creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, para responder á necesidade de establecer canles institucionais de encontro e participación entre as organizacións representativas de traballadores e empregadores, ten, entre outras competencias atribuídas pola Lei de creación e as súas normas de funcionamento interno, a de promover iniciativas que recollan estudos, debates e a difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral e a cultura do traballo.

Conscientes da demanda pola sociedade galega de ensinanzas do máis alto nivel no marco das relacións laborais, así como da necesidade de promover, nun mercado cada vez máis concorrente, a adaptación da xestión das empresas ao novo estilo de dirección de persoal que marca a política de recursos humanos e, en virtude das facultades conferidas na disposición derradeira primeira da orde da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, do 15 de febreiro de 1995 (DOG do 2 de marzo), pola que se establece o prezo privado a satisfacer, en concepto de matrícula, polos alumnos que realicen o curso superior de relacións laborais, procédese a convocar a décimo oitava edición do curso superior de relacións laborais que se desenvolverá segundo as seguintes bases:

Primeira.-Obxecto.

O curso pretende ser un foro de exposición e debate sobre os profundos cambios producidos anualmen-

te na lexislación laboral, que afectan, ademais de ao mercado de traballo (formas de contratación, organización do traballo, extinción do traballo), á negociación colectiva, á representación dos traballadores na empresa, á Seguridade Social e á seguridade e hixiene no traballo. Así mesmo, non cabe esquecer a incidencia que está a ter o dereito social comunitario sobre as lexislacións sociais dos distintos estados membros da Unión Europea.

Segunda.-Destinatarios.

Diríxese o curso a cantos están interesados en adquirir unha formación e/ou actualización nas materias laborais en xeral, facilitando a súa capacitación para resolver as cuestións suscitadas polas relacións laborais e a xestión de recursos humanos e, en especial, aos licenciados en dereito, ciencias económicas e empresariais, ou a diplomados en relacións laborais, responsables de recursos humanos, xefes de relacións laborais, asesores e cadros das organizacións sindicais e empresariais, etc.

Terceira.-Contido e horas lectivas.

O curso contará cun total de 200 horas lectivas distribuídas nos seguintes módulos formativos:

Módulo I	Política e xestión integrada dos recursos humanos	40 horas
Módulo II	Relación individual de traballo	50 horas
Módulo III	Relacións colectivas de traballo	40 horas
Módulo IV	Dereito administrativo do traballo. Saúde laboral. Dereito penal do traballo	24 horas
Módulo V	Seguridade Social	20 horas
Módulo VI	Dereito social comunitario	8 horas

Para as sesións de inauguración e clausura, así como para as mesas redondas e outras actividades lectivas está previsto un total de 18 horas.